

'Non hai noite tan longa', de Agustín Fernández Paz, mellor libro galego do ano

Redacción | [@prazapublica](#)

A [Asociación Galega de Editores](#) entrega esta noite os seus premios anuais, na xa tradicional Noite da Edición, que nesta ocasión tivo lugar en Compostela. Antes do inicio do acto rendeuse unha homenaxe a Isaac Díaz Pardo a través dun vídeo. Ademais, Xesús Couceiro recibiu o Premio Fernández del Riego e Andavira Editora o Premio á Edición Histórica.

Non hai noite tan longa, de Agustín Fernández Paz, foi elixido mellor libro de ficción do ano, e o xurado, formado polo editor Juan Blanco Valdés, a xornalista Montse Dopico, a libreira Isabel Ares, a bibliotecaria María Luz Corral e o crítico Xosé Eyré, fixo unha mención especial a *Centauros do Norte*, de Marcos Calveiro.

Ademais, [Xavier Queipo](#) foi recoñecido como mellor autor do ano, co premio Xosé María Álvarez Blázquez.

O Premio Ánxel Casal ao Libro de non ficción recaeu na *Obra Gráfica de Conde Corbal*, editado por Nova Galicia Edicións. Houbo mencións do xurado para *O escano baleiro. No Caurel con Uxío Novoneyra*, de Xulio Valcárcel (Biblos) e para *Loita de clases, a represión franquista no mar*, de Dionisio Pereira (Xerais).

Nas categorías de poesía e libro infantil os gañadores foron *Poesía completa*, de Loís Pereiro (Xerais) e *Xa me tardan eses magos*, de Mamá Cabra (Galaxia). Así mesmo, houbo mencións especiais para *O Apalpador e a castaña máxica*, e para a edición de *Canto de Nadal*, de Charles Dickens.

O Premio Lois Tobío ao Libro traducido foi para *Shakespeare*, traducido por Ramón G. Izquierdo (Xerais) e o Premio Isaac Díaz Pardo ao Libro ilustrado foi concedido a *Contos por teléfono*, de Pablo Otero (Kalandraka). Finalmente, o Premio Xosefa

Iglesias Vilarelle ao libro educativo do ano 2011, entregouselle a *As mulleres en Galicia no século XX*, de Jesús de Juana (Ir Indo).

O xurado destacou a calidade de todos os finalistas e solicitalle á Secretaría Xeral de Cultura que se merque un exemplar para cada unha das bibliotecas públicas pertencentes á rede de Bibliotecas de Galicia.

Finalistas dos premios da AELG

Os socios e socias da [Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega \(AELG\)](#) escolleron os finalistas aos premios á mellor obra publicada no 2011. As obras gañadoras daranse a coñecer na Cea das Letras, que terá lugar o vindeiro 5 de maio en Santiago de Compostela. No acto entregaranse ademais dous premios de recoñecemento dunha traxectoria: un para os equipos de Normalización Lingüística dos concellos e centros de ensino, e outro, o premio *Escritor Galego Universal*, outorgado a [José Luis Sampedro](#).

Narrativa

Extramunde, Xavier Queipo, Xerais

Laura no deserto, Antón Riveiro Coello, Galaxia

Non hai noite tan longa, Agustín F. Paz, Xerais

Ensaio

Como defenderes os teus dereitos lingüísticos, Carlos Callón, Xerais

Rosalía de Castro. Estranxeira na súa patria (a persoa e a obra de onte a hoxe), Francisco Rodríguez, Asociación Socio-Pedagóxica Galega

Vivir, unha aventura irrepetíbel. Biografía de M^a do Carme Kruckenberg, Mercedes Queixas Zas, Galaxia

Poesía

balea2, Estevo Creus, Positivas

Leopardo son, Pilar Pallarés, Espiral Maior

Todas as mulleres que fun, Andrea Nunes Brións, Corsárias

Teatro

A función do tequila, Manuel Guede, Deputación da Coruña

Chegamos despois a unha terra gris, Raúl Dans, Xerais

Fábula galénica, Inácio Vilariño, Baía

Mellor traxectoria de Xornalismo Cultural en 2011

Anxo Tarrío
Bieito Iglesias
Iago Martínez
Ramón Chao Rego
Santiago Jaureguizar

Literatura Infanto-Xuvenil

Fantasmas de luz, Agustín Fernández Paz, Xerais
Noutra dimensión, Marica Campo, Galaxia
O meu gato é un poeta, Fran Alonso, Xerais

Tradución

Os trobadores de Occitania, Darío Xohán Cabana, Edicións da Curuxa
Sonetos de Shakespeare, Ramón Gutiérrez Izquierdo, Xerais
Versos escollidos (de Wisława Szymborska) Lucía Caeiro, Positivas

Mellor Blog Literario

[As crebas](#), Miro Villar
[Caderno da crítica](#), Ramón Nicolás
[Criticalia](#), Armando Requeixo